

## COMUNICACIÓN DE PRENSA

### FUNDACIÓN LAXEIRO

presenta

### **FRANCISCO CURRA. O ABSTRACTO E CONCRETO** **FOTOGRAFÍAS 1988-2005**

#### FICHA TÉCNICA

Título	<i>Francisco Curra. O abstracto e o concreto</i> <i>Fotografías 1988-2005</i>
Comisariado	Javier Pérez Buján
Tipo de obra	Fotografía
Lugar	Fundación Laxeiro. r/Policarpo Sanz, 15, 3º, Vigo
Inauguración	Venres, 5 de abril, 19.00h
Clausura	Domingo, 9 de xuño

A **Fundación Laxeiro** presenta esta individual do fotógrafo **Francisco Curra** (Bueu, Pontevedra, 1964), un artista atípico cunha traxectoria de máis de trinta anos que apenas ten amosado o seu traballo en todo este tempo. Por iso, esta exposición ten certo carácter de **primicia**, de presentación dun autor que, a pesares da súa experiencia, practicamente se estrea no ámbito expositivo.

## O PROXECTO

**O abstracto e o concreto** é un proxecto de síntese, realizado a partir dunha coidada selección de trinta fotografías analóxicas en branco e negro, datadas entre 1988 e 2005, procedentes do arquivo persoal do autor, nas que deixa constancia do seu talento para producir imaxes cunha gran carga poética, a partir do ámbito cotiá.

Cun ton introspectivo, **Francisco Curra** vainos guiando pola súa intimidade, nun itinerario formado por interiores domésticos, retratos e paisaxes que consegue atraparnos a través dun tratamento formal impecable, no que as sutís gamas de grises e unha composición precisa, nos introducen de cheo nos límites do visible.

**O abstracto e o concreto** convídanos á fabulación a partir da contorna cotiá nun exercicio de contemplación que transcende as imaxes captadas para levarnos ao mundo interior do autor, no que seguramente, hai algo tamén do noso.

## A OBRA

Un dos aspectos de maior interese quizais resida no contraste entre o clasicismo da súa linguaxe e a fragmentación da súa narrativa, que nos sitúa ante unha mirada inequivocamente contemporánea, dende a que cuestiona a construción da realidade e introduce un certo desasosiego argumental que está presente en toda a exposición, unha crise do narrado na que o que se agocha, o que apenas se ve, é quizais o fío condutor.

Insinuar, non dicilo todo, mostrar só o imprescindible, ou quizais un pouco menos, é o recurso adoitado por Francisco Curra para invitarnos a transitar camiños incertos e preguntarnos por outras maneiras de ver e, por tanto, outras maneiras de situármonos no mundo, e todo iso, a partir do ámbito cotiá, o dos espazos e dos obxectos coñecidos e familiares, cuxo misterio é desvelado nun exercicio de hixiene da mirada, mediante o que é posible descubrir como algo novo, o xa visto.

A súa preocupación pola forma adquire todo o seu sentido no momento no que conseguimos transcendela e centrarnos no que Francisco Curra propón como elemento de reflexión. Para o autor, a forma é só un medio de expresión, unha ferramenta para conseguir contar algo que, frecuentemente, está só dito a medias. Por iso as súas fotografías poden parecer un mero exercicio compositivo para mudar, despois dunha observación máis atenta, nunha pregunta ou nun problema sen resolver, case sempre formulado a partir dun proceso solitario de captación das imaxes que potencia esa estética da insinuación.

## A MONTAXE

A tensión entre clasicismo e actualidade á que faciamos referencia, intensifícase no modo elixido de mostrar a obra que, positivada de forma analóxica e en pequeno formato e enmarcada de maneira convencional, se distribúe por temas, pero de maneira regular, no espazo, adoitando unha retórica expositiva tamén moi clásica e potenciando así unha relación de intimidade co espectador, a través da que accedemos ao mundo visual do artista, enchido de historias inconclusas, nas que a fragmentación do discurso se potencia, ao propoñer unha lectura lineal e clásica, na que se fai fincapé no que cada fotografía expresa de forma individual.

A idea do abstracto e o concreto queda así escenificada mediante unha disposición expositiva que nos remite á fotografía clásica e nos invita a dar ese salto conceptual da contemplación da imaxe concreta e recoñecible, á construción de puntos de fuga na interpretación do observado, superando así a función documental da fotografía, para introducirmos na especulación poética da expresión plástica.

## O ARTISTA

Como dicíamos ao principio, **Francisco Curra** é un artista alleo aos circuítos expositivos e editoriais da arte e a fotografía. Con algunha exposición colectiva a finais dos anos oitenta en Vigo e Ourense, esta é a súa primeira exposición individual, na que o artista quere mostrar parte das súas orixes como fotógrafo, nas que bebeu de clásicos como Alfred Stiglitz, Eugene Atget, Andre Kertesz ou Laura Gilpin e autores posteriores, clásicos tamén, como Gabriele Basilico, Philip-Lorca Dicorcia, impregnado desa atracción polo branco e negro que a finais dos anos setenta e nos anos oitenta, practicaron autores como Francesca Woodman, Mapplethorpe, García Rodero ou García-Álix.

A partir destas referencias, vai construindo unha estética propia que centra o seu interese nos obxectos, na paisaxe e, con menos frecuencia nas persoas, evolucionando cara a un imaxinario persoal a partir da proximidade, que lle serve para construír unha poética que transcende a concreción das imaxes fotografadas e nos introduce nun universo aberto a múltiples interpretacións.

Con esta exposición, a Fundación Laxeiro quere apostar pola difusión do traballo dun artista moi solvente, centrándose nunha etapa moi frutífera na súa produción e apenas difundida, co propósito de normalizar a súa proxección. O artista presenta este proxecto cunha actitude de *peche de etapa*, para centrarse en futuros proxectos expositivos, compostos de obra máis recente que abre outras vías de investigación das que, sen dúbida, seremos testemuñas nun futuro.